

Os días 28, 29 e 30 de xaneiro a Aula Cemit de Pontedeume acolle a iniciativa "Crear Futuro" promovida desde [Red.es](http://red.es) (dependente da Secretaría do Estado para o Avance Dixital) para o desenvolvemento de proxectos de impulso da economía dixital, innovación, emprendemento e formación de apoio no uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC's).

Esta acción formativa está estruturada nos seguintes obradoiros:

- Martes 28 de xaneiro en horario de 16 a 20 horas:

"Ecosistema Emprendedor" onde trataranse temas como que é unha start up, que é un coworking, incubadoras, aceleradores, Design Thinking, fontes de financiación...

Máis info: <http://www.crearfuturo.es/ecosistema-emprendedor-online/>

- Mércores 29 de xaneiro en horario de 16 a 20 horas: "Proposta de valor e modelo de negocio" onde se explicarán as seguintes temáticas, ingresos e custos, metodoloxías agile, scrum, lean, ferramentas para modelado de negocios, etc...

Máis info: <http://www.crearfuturo.es/propuesta-de-valor-y-modelo-de-n.../>

- Xoves 30 de xaneiro en horario de 16 a 20 horas: "Como acadar os primeiros clientes" onde trataranse temas como que é o marketing, canais de clientes, pitching para a venda.

Máis info: <http://www.crearfuturo.es/como-conseguir-los-primeros-clie.../>

Xa está aberto o prazo de inscrición nos diferentes obradoiros no seguinte enlace (é necesario realizar a inscrición de forma individual en cada un dos obradoiros nos que estades interesad@s):

<https://adalidformacionyempleo.com/redes/>

Toda unha oportunidade formativa para impulsar o teu proxecto de emprendemento.